



BANDO DA ALCALDÍA

ÓSCAR BENITO PORTELA FERNÁNDEZ, ALCALDE-
PRESIDENTE DO CONCELLO DE SADA, FAGO
SABER:

LIMPEZA DE PARCELAS

En aplicación da Lei do Solo e da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:

Os propietarios/responsables das parcelas:

- Deben xestionar a biomasa vexetal, e decir, manter limpas e desbrozadas:
 - As parcelas situadas en solo urbán, núcleo rural e solo urbanizable.
 - Unha franxa de 50 metros dende as parcelas situadas en solo urbán, núcleo rural e solo urbanizable, dende edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoliñeiras e parques e instalación industriais, e dende construcións illadas en solo rústico.

Deben lembrar, así mesmo, que nos núcleos e na súa franxa de protección de 50 metros, non poderá haber as especies arbóreas indicadas na disposición adicional 3ª da Lei 3/2007 do 9 de abril, que se indican a continuación:

Piñeiro (galego, do país, silvestre, de Monterrey, de Oregón) mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta (Cytisus spp) uz, carpaza, xesta (Genista spp) piorno, fento, silva e toxo.

O prazo para a limpeza de parcelas será segundo a normativa vixente **antes do 31 de maio de cada ano.**

1. Se no **prazo máximo de quince días naturais** os devanditos propietarios/responsables non acometen a xestión da biomasa, as administracións públicas correspondentes, consonte as atribucións competenciais definidas na normativa, **poderán proceder á execución subsidiaria dos traballos** de xestión de biomasa, **repercutíndolles os custos ás persoas responsables, e de ser o caso, ao decomiso das especies arbóreas prohibidas, sen prexuízo do procedemento sancionador que corresponda.**

2. No caso de execución subsidiaria, lémbrese que **as persoas responsables están obrigadas a facilitarlles os necesarios accesos** ás entidades responsables dos traballos de xestión da biomasa.

Sada, 10 de maio de 2018
O alcalde

Asdo. Óscar Benito Portela Fernández

